

ACTIVIDADES

- Programación Sala Fernando Rey, febreiro 2020. Fórum Metropolitano
- Programación Sala Marilyn Monroe, febreiro 2020. Fórum Metropolitano
- Encontros coa videodanza na A.C. Alexandre Bóveda
- Encontro Literario con Leticia Costas. Biblioteca Municipal Os Rosales
- Mesa redonda "Retos do colectivo LGTBQI no 2020. Espazo Diverso
- Axenda de concertos semanal na Coruña

CURSOS

- Cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados CELGA. S.X. de Política Lingüística

CONCURSOS

- III Concurso de micro-relatos da RAG e Puntogal
- Concurso de teatro infantil. Agrupación Cultural O Facho
- Concurso de poesía. Agrupación Cultural O Facho
- XXIII Concurso de poesía "Concello de Carral"
- I Premio de Poesía Filomena Dato. Concello de Bergondo
- III Premio Roberto Vidal Bolaño 2020. Concello do Porriño e Editorial Galaxia

VARIOS

- Programa de turismo interior "Elixé Galicia". Axencia de Turismo de Galicia
- Actores e Actrices para colaborar coa Escola de Imaxe e Son

ACTIVIDADES

Programación Sala Fernando Rey, febreiro 2020

A sala Fernando Rey do Fórum Metropolitano presenta en febreiro o ciclo de cinema "Thriller"

CANDO: do 06/02/2020 ao 29/02/2020

- 6, 7 e 8 de febreiro: **A cinza é o branco máis puro** ("Jiang hu er nvde"), de Jia Zhangke (China, 2018). V.O. en castelán. NRM 12 anos
- 13, 14 e 15 de febreiro: **Sen Tregua** ("End of watch"), de David Ayer (EEUU, 2012). V.O. en castelán. NRM 16 anos
- 20, 21 e 22 de febreiro: **O terceiro asasinato** ("Sandome no sasutjin"), de Hirokazu Koreeda (Xapón, 2014). V.O. en castelán. NRM 12 anos
- 27, 28 e 29 de febreiro: **Testemuña** ("La mécanique de l'ombre"), de Thomas Kruithof (Bélgica-Francia, 2016). V.O. en castelán. NRM 16 anos.

HORARIO: xoves e venres ás 20.30 h. e sábados ás 17.30 e 20.30 h

PREZO:

- 3 € (+65 anos, persoas desempregadas ou carné xove, 2 €)
- Sesión do espectador (sábados ás 17.30 h): prezo único 1,50 €
- Abonos 5 películas: 12 €

Venda de entradas:

- no despacho de billetes, 1/2 hora antes de cada función (se quedan entradas dispoñibles)
- na conserxería de Fórum, de luns a venres de 9 a 14 e de 16 a 20 h e sábados de 10 a 13 h.

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fórum Metropolitano

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

www.facebook.com/ForumMetro

Web: www.coruna.gal/cultura



Programación Sala Marilyn Monroe, febreiro 2020

A sala Marilyn Monroe do Fórum Metropolitano presenta en febreiro un ciclo de cinema documental

CANDO:

- 6, 7 e 8 de febreiro: **Apuntes para una película de atracos**, de León Siminiani (España, 2015). V.O. en castelán. NRM 7 anos
- 13, 14 e 15 de febreiro: **Réndete mañá** ("Give up tomorrow"), de Michael Collins (EEUU, 2012). V.O.S. en castelán. NRM 7 anos
- 20 e 21 de febreiro: **Fuera de juego**, de Richard Zubelzu (España, 2012). V.O. en castelán. Todos os públicos
- 27, 28 e 29 de febreiro: **RGB**, de Betsy West e Julie Cohen (EEUU, 2018). V.O.S. en castelán. Todos os públicos. **Película especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero*

HORARIO: xoves e venres ás 20.15 h., e sábados ás 17.15 e 20.15 h

PREZO:

- 3 € (+65 anos, persoas desempregadas ou carné xove, 2 €)
- Sesión do espectador (sábados ás 17.15 h): prezo único 1,50 €
- Abonos 5 películas: 12 €

Venda de entradas:

- no despacho de billetes, media hora antes de cada función (se quedan entradas dispoñibles)
- na conserxería de Fórum, de luns a venres de 9 a 14 e de 16 a 20 h e sábados de 10 a 13 h.

LUGAR / INFORMACIÓN:


Fórum Metropolitano

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

www.facebook.com/ForumMetro

Web: www.coruna.gal/cultura



ACTIVIDADES

Encontros coa videodanza na A.C. Alexandre Bóveda

Organizados pola Agrupación Cultural Alexandre Bóveda e Resis Festival e comisariados por Belén Montero, "PRIMEIRA: Encontros coa Videodanza" nacen coa vocación de difundir o xénero da videodanza ao público xeral, dando a coñecer ás persoas creadoras e os distintos traballos que se fan en Galicia e creando pontes de intercambio entre creadores.

Neste II Encontro participaran a directora Lucía Estévez, a artista multidisciplinar Gosia Trebacz, a coreógrafa, bailarina e actriz Kirenía Martínez Acosta, a fotógrafa Lupe Vázquez e o artista Xurxo Gómez-Chao

CANDO: 6 de febreiro de 2020

HORARIO: 20:00 h.

PREZO: gratuíto

LUGAR / INFORMACIÓN:

Agrupación Cultural Alexandre Bóveda

Rúa Olmos, 16, 1º (15003 - A Coruña)

Tel.: 981 200 869

Web: www.alexandreboveda.gal



Encontro Literario con Leticia Costas

Dentro dos seus Encontros Literarios, a Biblioteca Os Rosales organiza unha conversa dos clubs de lectura Café con Libros con Leticia Costas, autora da novela "Infamia"

CANDO: 11 de febreiro de 2020

HORARIO: ás 18.30 h.

PREZO: entrada libre ata completar capacidade

LUGAR / INFORMACIÓN:

Biblioteca Municipal Os Rosales

Praza Elíptica, 1-1º (15011 - A Coruña)

Tel.: 981 184 389

correo-e: brosales@coruna.es

www.facebook.com/bibcoruna

Web: www.coruna.gal/bibliotecas

Encontros literarios na Biblioteca Os Rosales

Martes, 11 de febreiro ás 18:30 h:

Conversa dos clubs de lectura con Leticia Costas, autora de *Infamia*



Entrada libre ata completar a capacidade da sala de adultos da Biblioteca Os Rosales



Mesa redonda "Retos do colectivo LGTBQI no 2020"

O Espazo Municipal das Diversidades Sexuais e Identidades de Xénero, Espazo Diverso, organiza a mesa redonda "Retos do colectivo LGTBQI no 2020", na que participarán os colectivos ALAS A Coruña, Amizando, Arelas, Avante LGTB e Les Coruña

As persoas que teñan algún tipo de necesidade específica para poder participar na actividade, poden contactar co Espazo Diverso cun mínimo de 48 h. antes do evento

CANDO: 13 de febreiro de 2020

HORARIO: ás 18.30 h.

PREZO: de balde

LUGAR / INFORMACIÓN:

Espazo Diverso

Centro Cívico Cidade Vella.

R/ Veeduría, 2. (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 189 889

correo-e: espazodiverso@coruna.es

Web: www.coruna.gal/igualdade



ACTIVIDADES

Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos desta semana nas salas de concertos e outros espazos da cidade

Pazo da Ópera. Glorieta América (15004 - A Coruña)

www.palaciodelaopera.com

venres 7 ás 20.30 h.: **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA.** Entrada: 11€

sábado 8 ás 21.00 h.: **LOS SECRETOS.** Entrada: desde 25€

Coliseum. R/ Francisco Pérez Carballo 2 (15008 - A Coruña)

www.coruna.gal/cultura

sábado 8 ás 21.00 h.: **BETET.** Entrada: desde 25€

Sala Mardi Gras. Trav. da Torre,8 (15002-A Coruña)

www.facebook.com/salamardigras

venres 7 ás 22:30 h.: **PRESUMIDO.** Entrada: 10€

sábado 8 ás 22:00 h.: **ONZA** + artista invitado. Entrada: 8€

mércores 12 ás 21.30 h.: **BYWATER CALL.** Entrada: 10€

Bábá Bar. R/ Pérez Cepeda, 23 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/baba.bar.7

xoves 6 ás 21.00 h.: **MOMBOI.** Entrada: 5€

venres 7 ás 22.00 h.: **NEW ORLEANS TRÍO & PAULA MARTINS.** Entrada: 5€

sábado 8 ás 22.00 h.: **LA HABITACIÓN DE LA MÚSICA.** Entrada: 5€

Sala Garufa Club. R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/SalaGarufaClub

venres 7 ás 23.00 h.: **SON AL SON.** Entrada: 8€

sábado 8 ás 22.00 h.: **JAMES ARMSTRONG BAND.** Entrada: 13€/17€

domingo 9 ás 19.00 h.: **DANZALIA MUNDI.** Entrada: 9€

Sala Mala Vida. R/ Rey Abdulah, 13 (15004 – A Coruña)

www.facebook.com/Sala.Malavida

sábado ás 21.30 h.: **ELLA LA RABIA + ALTAMAR + THETA WAVES.** Entrada: 5€/7€

Jazz Filloa. R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club

mércores 5, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **FRANCHO TRÍO.** Entrada: 7€

venres 7, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **ALBERT BOVER TRÍO.** Entrada: 10€

mércores 12, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **YUMI ITO TRÍO.** Entrada: 10€

Sala Pelicano. Avda. do Porto, 3 (15003 – A Coruña)

<https://salapelicano.com>

sábado 8 ás 22.00 h.: **MISS CAFEINA + VARRY BRAVA.** Entrada: 25€/30€



CURSOS

Cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados CELGA

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, convoca, con carácter voluntario e gratuíto, cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4.

Cursos convocados:

- Modalidade presencial niveis Celga 2, 3 e 4
- Modalidade de teleformación niveis Celga 1, 2, 3 e 4

CANDO: programación de cursos Celga presenciais na Coruña:

Localidade	Celga 2	Celga 3	Celga 4
A Coruña	IES Fernando Wirtz do 16/03/2020 ao 8/05/2020, de luns a xoves polas tardes	IES Salvador de Madariaga do 16/03/2020 ao 8/05/2020, de luns a xoves polas tardes	IES Fernando Wirtz do 16/03/2020 ao 8/05/2020, de luns a xoves polas tardes

INSCRICIÓNS: ata o 19 de febreiro de 2020

- Cursos presenciais: preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e dirixido á xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo da provincia que corresponda. Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente nos lugares establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- Cursos de teleformación: obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e dirixido á S.X. de Política Lingüística

REQUISITOS:

- Persoas maiores de 16 anos ou que os fagan no ano natural da convocatoria, que desexen mellorar o seu coñecemento e dominio do galego e preparar as probas que a Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca periodicamente para certificar a competencia nesta lingua.
- Só se poderá presentar unha única solicitude e solicitar un único curso por persoa, aínda que sexan de modalidades distintas.
- No caso dos cursos de teleformación, as persoas solicitantes deberán dispoñer dun equipamento informático que cumpra, como mínimo, os seguintes requisitos técnicos:
 - Un ordenador con conexión á internet.
 - A conta de correo electrónico especificada na solicitude.
 - No curso Celga 1 de teleformación, deberán dispoñer a maiores de calquera navegador web co plugin de Flash.
 - Nos cursos Celga 2, Celga 3 e Celga 4 de teleformación, deberán dispoñer a maiores dun micrófono ou calquera medio alternativo que permita a gravación de voz.
- Para solicitar un curso Celga 2, Celga 3 ou Celga 4 de teleformación será requisito indispensable:
 - Se se solicita un curso destinado á poboación que reside en Galicia, deberá estar empadroadado nalgún dos concellos da provincia galega correspondente.
 - Se se solicita un curso destinado ao resto da poboación, deberá estar empadroadado fóra de Galicia.

PREZO: gratuítos.

MÁIS INFORMACIÓN:

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo
Praza Luís Seoane, s/n (15008 A Coruña)
Tel.: 981 184 701

www.lingua.gal

Web: [Sede electrónica: procedemento PL600A](#)

PUBLICACIÓN:

[DOG 29/01/2020](#)

[DOG 30/01/2020](#) (corrección de erros)



CONCURSOS

III Concurso de micro-relatos da RAG e Puntogal

A Real Academia Galega e a Asociación Puntogal convocan un concurso de microrrelatos que ten como obxectivo reforzar a presenza da lingua e da identidade propias no mundo dixital.

INSCRICIÓNS: ata o 29/02/2020 (incluído)

REQUISITOS:

- Persoas maiores de idade (ou menores se a representa un adulto). No caso de menores de idade deberán acompañar o microrrelato dunha autorización do pai, nai ou tutor legal.
- Establécense 3 categorías: Infantil (ata 11 anos), Xuvenil (de 12 a 17 anos), Adultos/as (desde 17 anos).
- Os relatos deberán estar escritos en galego, ser orixinais e inéditos, cun máximo de 200 palabras (título incluído) en galego, de tema libre. Os textos presentaranse en formato .doc ou .docx en letra Arial 12 e 1,15 puntos nas interliñas. Cada participante poderá presentar un único microrrelato.
- Os relatos enviaranse por correo electrónico a actividades@academia.gal. O texto deberá ir acompañado dos datos do autor.

DOTACIÓN:

- 1º premio Xuvenil: Play Station 4, lote de libros xuvenís, dominio gratuito .gal durante un ano
- 2º premio Xuvenil: Kindle, lote de libros xuvenís, dominio gratuito .gal durante un ano
- 3º premio Xuvenil: un lote de libros
- 1º premio Adultos: MacBook Air 13.3 SG/1.6GHZ, lote de libros da RAG, dominio gratuito .gal durante un ano e lote de publicacións da revista Luzes.
- 2º premio Adultos: Kindle 6wifi negro ou similar, lote de libros da RAG, un dominio gratuito .gal durante un ano e lote de publicacións da revista Luzes.
- 3º premio Adultos: lotes de libros da RAG e de publicacións da revista Luzes.

MÁIS INFORMACIÓN:

Asociación PuntoGal

Rúa Tabernas, 11 (15001 A Coruña)

Tel.: 670 226 268 - correo-e: info@dominio.gal

Web: <http://asociacion.dominio.gal>

*Arquivo: [Bases completas \(114 KB\)](#)



Concurso de teatro infantil

A Agrupación Cultural O Facho convoca o seu concurso de teatro infantil e abre o prazo de presentación de propostas ata abril.

INSCRICIÓNS: ata o 15/04/2020

REQUISITOS:

- Poderá optar ao devandito premio calquera persoa, sen restrición, sempre que a obra sexa inédita e escrita en lingua galega, en calquera norma ortográfica (AGAL, PADROM, RAG), non presentada nin premiada noutros certames.
- A obra, que non poderá exceder dos 80 folios, será presentada por triplicado, en formato DINA4, a dobre espazo e mecanografada por unha soa cara.
- Os orixinais para o concurso enviaranse por correo ao apartado de correos nº 46, oficina principal da Coruña.

DOTACIÓN: premio único de 450 € + lote de libros teatrais.

MÁIS INFORMACIÓN:

Agrupación Cultural O Facho

correo-e: o_facho_a_corunha@yahoo.com.br

Web: <http://agal-gz.org/blogues/index.php/ofacho/>

*Arquivo: [Bases completas \(128 KB\)](#)



CONCURSOS

Concurso de poesía

A Agrupación Cultural O Facho convoca o seu concurso de poesía e abre o prazo de presentación de propostas ata abril.

INSCRIPCIÓN: ata o 15/04/2020

REQUISITOS:

- Poderá participar calquera persoa ata os 35 anos de idade e sempre que non teña publicado ningún libro individual de poesía e que a obra sexa inédita e non ter sido premiada noutros certames.
- A obra presentada debe estar escrita en lingua galega en calquera das tres normas ortográficas (AGAL, PADROM, RAG) e cun máximo dunha obra por autor. Recoméndase que teñan unha extensión mínima de 300 versos.
- Os orixinais enviaranse por triplicado encadernados, en formato A4, a dobre espazo e mecanografada por unha soa cara, por correo ao apartado de correos 1320 ou á Caixa de Correos nº 46, oficina principal da Coruña.

DOTACIÓN: edición da obra pola editorial Medulia e entrega ao/á autor/a de 15 exemplares.

MÁIS INFORMACIÓN:

Agrupación Cultural O Facho

Correo-e: o_facho_a_cultural@yahoo.com.br

Web: <http://agal-gz.org/blogues/index.php/ofacho/>

*Arquivo: [Bases completas \(106 KB\)](#)



XXIII Concurso de poesía "Concello de Carral"

O Concello de Carral convoca o XXIII Concurso de Poesía.

INSCRIPCIÓN: ata o 03/04/2020

REQUISITOS:

- Autores/as maiores de idade e de calquera nacionalidade, sempre que o seu traballo se presente escrito en lingua galega.
- Non poden participar gañadores e gañadoras deste concurso das últimas oito edicións.
- Os traballos, cunha extensión mínima de 500 versos, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos. Os autores responsabilízanse de lle comunicar á organización a concesión doutros premios acadados a partir da remisión dos orixinais.
- Os traballos presentaranse por triplicado, mecanografados con dobre espazo por unha soa cara, grampados ou encadernados, e coas páxinas numeradas. Cada copia dos traballos presentarase cunha portada na que figuren o título da obra e o alcume do autor/a, coincidindo no exterior co sobrepechado que debe acompañar á obra, e que conterá no interior o nome e apelidos do autor/a, DNI, enderezo, nº teléfono, correo-e e breve currículo que incida na súa traxectoria literaria se a houbese.

DOTACIÓN: 2.500 €

MÁIS INFORMACIÓN:

Biblioteca Pública Municipal de Carral

Rúa de Paleo, 17 (15175 - Carral)

Tel: 981 672 580

Correo-e: cultura@carral.es

Web: www.carral.es

*Arquivo: [Bases completas \(92 KB\)](#)



CONCURSOS

I Premio de Poesía Filomena Dato

O Concello de Bergondo convoca a primeira edición do Premio de Poesía Filomena Dato.

INSCRIPCIÓNS: ata o 15/04/2020

REQUISITOS:

- Poderán optar ao premio todas as autoras e autores maiores de idade, de calquera nacionalidade, sempre que o orixinal que presenten estea escrito en lingua galega.
- Os traballos cunha extensión mínima de 500 versos, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos.
- Os traballos presentaranse na Casa da Cultura por cuadruplicado, mecanografados con dobre espazo por unha soa cara, grampados ou encadernados, e paxinación numerada.

DOTACIÓN: premio único de 2.000 €

MÁIS INFORMACIÓN:

Casa da Cultura do Concello de Bergondo

Estrada da Coruña, 12 (15165 - Bergondo)

Tel.: 981 79 12 52 (ext. 4)

Correo-e: cultura.deportes@bergondo.gal

Web: <http://bergondo.gal/>

*Arquivo: [Bases completas \(445 KB\)](#)



III Premio Roberto Vidal Bolaño 2020

O Concello do Porriño, o IES Ribeira do Louro e a Editorial Galaxia, convocan este certame coa finalidade de crear un fondo de textos teatrais susceptibles de ser representados por alumnado do ensino secundario.

INSCRIPCIÓNS: ata o 15/04/2020

REQUISITOS:

- Poderán concorrer persoas de calquera nacionalidade, con textos teatrais inéditos e non premiados noutros certames, que estean escritos en lingua galega.
- As obras serán de temática e extensión libre, aínda que hai que ter en conta que van ser interpretadas por alumnos e alumnas de entre 12 e 18 anos.
- Cada autor poderá presentar máis dunha obra.
- O envío das obras farase a través de correo postal ao enderezo: I.E.S Ribeira do Louro (Rúa Ribeira s/n, 36410, Torneiros, O Porriño), especificando no sobre "Premio de Teatro Roberto Vidal Bolaño", tal e como se indica nas [bases](#).

DOTACIÓN:

Establécese un premio dotado con 2.000 euros, un diploma acreditativo e a edición e publicación da obra gañadora a cargo da Editorial Galaxia.

MÁIS INFORMACIÓN:


Editorial Galaxia S.A.

Avenida de Madrid, 44 (36204 - Vigo)

Tel.: 986 223 205

Email: galaxia@editorialgalaxia.gal

Web: <http://editorialgalaxia.gal/iii-premio-roberto-vidal-bolano-2020>



Programa de turismo interior “Elixé Galicia”

A Axencia de Turismo de Galicia convoca prazas para o programa de turismo interior “Elixé Galicia” de estadias de ocio para os anos 2020 e 2021. 12.800 prazas para 4 modalidades:

1. **Vacacións en zonas costeiras:** de 5 días (4 noites) en réxime de pensión completa, mínimo 3 visitas ou actividades de 1/2 día e transporte desde as 4 capitais de provincia, Santiago, Vigo e Ferrol.
2. **Rutas de Patrimonio Histórico e Cultural:** de 3 días (2 noites) en réxime de pensión completa e preferiblemente fins de semana, desprazamentos e servizos de guía acompañante todo o circuito. visitas culturais con relevancia histórico-artística, e transporte desde as 4 capitais de provincia, Santiago, Vigo e Ferrol
3. **Rutas de natureza e montaña:** de 3 días (2 noites) en réxime de pensión completa, preferiblemente fins de semana, desprazamentos e servizos de guía especializado todo o circuito, 2 actividades de sendeirismo e/ou turismo activo, e transporte desde as 4 capitais de provincia, Santiago, Vigo e Ferrol
4. **Estadias en Balnearios:** de 5 días (4 noites) en réxime de pensión completa, en hoteis de 2 estrelas ou superior, acceso diario ao balneario, mínimo 2 excursións ou actividades de 1/2 día a recursos turísticos próximos, e transporte desde as 4 capitais de provincia, Santiago, Vigo e Ferrol.

INSCRIPCIÓNS:

- Tempada do ano 2020: **ata o 3 de marzo de 2020**
- Tempada do ano 2021: **do 1 ao 30 de setembro de 2020**

A concesión das prazas será a través de sorteo (un para as solicitudes do 2020 e outro para as do 2021). As datas, lugar e hora da celebración dos sorteos publicaranse na web da Axencia Turismo de Galicia

PREZO: Para as catro modalidades o servizo inclúe unha póliza de seguro colectiva de viaxe

TEMPADA	Vacacións na costa	Rutas de Patrimonio Histórico e Cultural	Natureza e montaña	Estadias en Balnearios
Baixa	144 €	117 €	117 €	198 €
Media	180 €	129 €	129 €	222 €
Alta	204 €	141 €	141 €	246 €

REQUISITOS:

- Estar empadroadado nalgún dos municipios de Galicia cunha antigüidade mínima de 2 anos.
- Solicitar praza para destinos distintos a súa provincia de residencia, salvo que non exista oferta nesa provincia (*os meses do verán e a Semana Santa quedarán fóra dos períodos ofertados*)
- Poder valerse por si mesmos para realizar as actividades básicas da vida diaria, coa excepción das persoas con discapacidade nas condicións especificadas para cada colectivo.
- Efectuar o pago do prezo estipulado.
- **Mozos/as menores de 30 anos:** as solicitudes poderán ser individuais ou colectivas no caso de que se unan ata 4 solicitudes.
- **Familias con fillos/as menores de idade:** persoas unidas entre si por matrimonio ou relación análoga e as persoas que estean ao seu cargo, sempre formen un núcleo estable de convivencia. Os fillos entre 0-3 anos non ocuparán praza. Das prazas destinadas ao colectivo de familias con fillos/as menores de idade, reservárase un 10 % a familias numerosas

MÁIS INFORMACIÓN:

Axencia de Turismo de Galicia

A Barcia. Estrada Santiago-Noia Km.3 (15896 - Santiago)

Tel.: 981 54 25 51 e 981 95 70 63

Correo-e: fomento.turismo@xunta.gal

Web: www.turismo.gal

PUBLICACIÓN: [DOG 03/02/2020](https://www.turismo.gal/DOG/03/02/2020)

Procedementos na sede electrónica sede.xunta.gal:

- [TU404B](#): colectivo de mozos/as menores de 30 anos
- [TU404C](#): colectivo de familias



Actores e Actrices para colaborar coa Escola de Imaxe e Son

Alumnado da Escola de Imaxe e Son precisa actores e actrices que querían colaborar nunha obra de teatro e convoca un casting aberto no centro

CANDO: xoves 6 de febreiro de 2020

HORARIO: de 12:00 a 14:30 e de 17:00 a 20:00 h.

REQUISITOS: mulleres e homes entre 18 e 50 anos

DOTACIÓN: non remunerado

LUGAR / INFORMACIÓN:

CIFP Imaxe e Son

Rúa Someso, 6 (15008 - A Coruña)

Correo-e: rexedoriaprojectos@gmail.com

Facebook [Escola Imaxe e Son](#)

<https://www.instagram.com/cifp.imaxe.son/>

